

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP PARADAI  
CURSO:4º PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA:11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.	<p>1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p>
2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	<p>2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.</p>
3.Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	3. Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
4.Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos, analizar e describir as características máis relevantes de cada un	4. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas e define que é a escala nun mapa
5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado	5. Define tempo atmosférico e identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos
6.Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río	<p>6.1.Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas;</p> <p>6.2.Identifica e nomea os tramos dun río.</p>

7.Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos.	7. Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.
8.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	8. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.
9. Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución	9. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español
10.Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos	10. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Feed-back (polos medios postos a disposición dos alumnos/as: web, aula virtual, correo , material impreso a través do Concello...) do material elaborado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo individual realizado polo alumno/a e recepcionado polo mestre.</li> </ul> <p>Revisión do traballo</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Media aritmética das cualificacións da materia na 1ª e 2ª avaliación, no caso de alumnos/as que superaran as materias nas dúas avaliacións ou polo menos nunha delas.</li> <li>- Redondeo á alza (na media das cualificacións) cando haxa constancia por parte do mestre de que está a traballar ao longo do 3º trimestre (sexas das recomendacións feitas polo mestre ou por outros medios)</li> </ul> <p>No caso de ter as avaliacións suspensas nalgunha das materias, entrega obrigatoria ao mestre (polos medios a disposición do alumno: on line, impreso a través do Concello...) do traballo de repaso e recuperación elaborado para este trimestre.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente (1)</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os criterios versarán sobre os contidos impartidos nos dous primeiros trimestres.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Para a cualificación, partiremos das anteriores avaliacións, valorando en positivo o traballo realizado neste terceiro trimestre.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Seguimento dos posibles traballos enviados polo alumnado ao longo deste terceiro trimestre.</p>

- (1) Aínda que en Ed. Primaria a avaliación é continua, no caso daqueles alumnos con materias pendentes doutros cursos, será o responsable da materia o encargado de ditaminar se se considera a materia superada ou non en base aos criterios de cualificación anteriores e as procedementos como na educación presencial aínda que non se supere o curso actual, o que quedará reflexado na correspondente dilixencia de XADE (Ex. Alumnos con CN de 3º pendente pode considerarse que superou a materia aínda que non supere a de 4º)

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Póñense a disposición do alumnado actividades de repaso, reforzo e recuperación de todo o traballo realizado ao longo dos dous trimestres do curso.</p> <p>Seguindo as instrucións da Consellería e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na maioría do noso alumnado (situacións económicas, sociais e culturais... moi desfavorecidas) non se avanza en contidos.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Identifícase persoalmente a todo o alumnado que ten a súa disposición medios electrónicos para a realización do traballo, e aquel que preferindo outros medios ou non tendo recibe o material impreso coa colaboración realizada pola Área de Educación do Concello de Lugo</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os imprescindibles nestas circunstancias.</p> <p>Ademais da conectividade persoal que pode ter cada familia, identifícase persoalmente aos que carecen dela, así como os que precisan de material funxible mínimo (papel, lapis...) sendo comunicado tal circunstancia ao Concello de Lugo para que poña a disposición do alumnado o máis elemental.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Darase a coñecer a través das canles de comunicación que o centro ten establecidos (web, instagram, abalar)
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e polos medios electrónicos dispoñibles.